

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Xosé Neira Vilas, a Lois Tobío Fernández do 19/05/1997

Colección:

Data: 19/05/1997

De:

Xosé Neira Vilas;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Gres (parroquial), Vila de Cruces (municipal), Deza (comarcal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: XOSÉ NEIRA VILAS].

Mencionados:

Xosé Abraira; Rodolfo Prada;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Xosé Neira Vilas, a Lois Tobío Fernández do 19/05/1997

Xosé Neira Vilas

Gres, 19 de maio de 1997

Sr. D. Luís Tobío

Madrid

Meu querido e recordado amigo:

Preparo un libro sobre o Primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado, como vostede ben recorda, en Buenos Aires, en 1956. Pensei que era bo deixar testemuña daquel evento, e cadra que eu gardo todo, absolutamente todo (prensa, fotos, testemuñas diversas, símbolos utilizados, etc) o relacionado con tal acontecer. Estimo que é o conxunto máis completo de documentos que existe en relación co Congreso aquel.

Vostede foi clave nel. Vostede redactou o temario, o manifesto e o regulamento. Vostede participou logo nas sesións, etc. Quixera incluír neste libro en preparación unha Memoria súa, pormenorizada de todo o acontecido. Para pedirlle eses documentos creo foron a Montevideo Prada e Abreira, ou non? Como foi a relación de vostede coa nosa Comisión Organizadora? A corenta anos, que recorda? ¿Que valoración faría hoxe do desenvolvemento do congreso e das conclusións ou resultados? En fin, a vostede non teño que mandarlle un cuestionario con apartados ou preguntas escalonadas. Abonda con esta petición global e de sobras sei que o fará como vostede ten por costume traballar: con rigor e con esa boa memoria que conserva e exerce. Agradezo de antemám a súa colaboración. Agardo noticias súas. Mentres, reciba unha aberta fraterna, cordial de

Xose Neira Vilas [sinatura autógrafa]

[na marxe esquerda do folio continúa o texto mecanografado]:

o meu enderezo: Gres - Vila de Cruces

36587 Pontevedra

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.